



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/11/2007 13:11  
Nº Rexistro: 25580  
Data envío: 30/11/2007 13:11:21.322

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo e Carme da Silva Méndez**, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita, relativa aos problemas detectados na execución das obras de desdoblamento da Vía de Alta Capacidade do Barbanza.

O proceso de execución das obras de desdoblamento da Vía de Alta Capacidade do Barbanza está ocasionando diversos problemas que precisan dunha solución e dunha aclaración. Nestas últimas semanas véñense producindo queixas por parte de veciños e veciñas afectas, alcaldes e por concelleiros e concelleiras do BNG. Estas denuncias céntranse en:

- danos nas fontes e traídas de auga que dan subministro a aldeas e casas;
- problemas de aparición de fendas en casas a consecuencia de voaduras;
- deficiencias nos accesos ás aldeas, que mesmo teñen ficado incomunicadas por mor das obras;
- pontes de acceso por riba da futura autovía que teñen unha pendente moi elevada debido ao gálibo das mesmas, o cal pode ocasionar problemas de comunicación, que de non solucionárense provocaran un empeoramento da mobilidade de moitas persoas;
- desvío do río Morto, no termo municipal da Pobra do Caramiñal, no lugar de Tomada, sen que isto formase parte do proxecto de execución das obras. Acometéndose ademais o recheo dunha extensa superficie de terreos en zona de policía e explanamento dos mesmos, nunha zona próxima ao acceso que se



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

está construíndo mais que sobrepasa amplamente o terreo destinado ao mesmo;

- incumprimento no referente a melloras pactadas en diferentes puntos, que ao parecer non están sendo executadas por parte da empresa concesionaria das obras.

A Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte ten entre as súas funcións a de realizar un control e seguimento da execución das obras. Segundo a nosa información conta cunha asistencia técnica específica para tal cometido.

Creemos preciso desde o G.P. do BNG que se realice unha inspección a fondo do proceso de execución das obras a fin de clarificar todos os extremos aos que se fai referencia nesta pregunta, ou calquera outro dos que teña constancia a Consellaría. A titular deste departamento ten feito moito fincapé nas súas intervencións no Parlamento á respecto da necesidade de que a administración faga un control estrito das obras públicas para que estas se axusten aos proxectos de execución. Coincidimos con esta valoración e pensamos que é importante que se extremen os controis. Ao tempo que somos conscientes de que esta é unha obra moi importante para esta comarca e que o seu resultado final debe implicar unha mellora das comunicacións, non só para quen circula pola mesma, senón tamén para todas as poboacións que se ven atravesadas polo seu trazado que deben ver mellorada a súa mobilidade.

Polo dito fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.ª) Que coñecemento ten a Consellaría dos problemas que se citan nesta pregunta? Que valoración ten sobre cada un deles?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

- 2.<sup>a</sup>) Ten constancia a Consellaría de máis problemas ocasionados polas obras que se están executando?
- 3.<sup>a</sup>) Cal é a pendente que van ter as pontes de servizo que están por riba do trazado da autovía?
- 4.<sup>a</sup>) Vanse arranxar as fendas aparecidas en casas por mor das voaduras?
- 5.<sup>a</sup>) Vanse extremar as precaucións para evitar que as voaduras provoquen este tipo de problemas no resto da obra?
- 6.<sup>a</sup>) Estaba previsto no proxecto de execución a desviación do Río Morto? En caso negativo, que motiva que se fixera? Conta con todos os permisos precisos?
- 7.<sup>a</sup>) Que melloras se pactaron? Cales non se realizaron?
- 8.<sup>a</sup>) Cantas inspeccións da execución das obras se teñen realizado desde o inicio? Que valoracións e actuacións se desprenden das mesmas?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2007.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Carme da Silva Méndez

Deputadas do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 30/11/2007 13:09:49**

**María Carme da Silva Méndez na data 30/11/2007 13:09:56**